



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
CPI DE XANCEDA

Os Corrillos, s/n, Xanceda
15685 - MESÍA
Tlf. 881880752
cpi.xanceda@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidexanceda>



Curso académico 2019/2020

Departamento de Biología e Xeoloxía

Programación didáctica

Biología e Xeoloxía

1º, 2º e 3º ESO

Índice

1. Introducción e contextualización	3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliáveis	4
3. Concreción dos obxectivos	5
3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria	5
3.2. Obxectivos para Bioloxía e Xeoloxía	7
4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis	12
5. Concrecións metodolóxicas da materia	36
6. Materiais e recursos didácticos	36
6.1. Libro de texto	36
6.2. Material complementario	36
7. Criterios e avaliación, cualificación e promoción do alumnado	37
7.1. Criterios de avaliación	37
7.2. Criterios de cualificación	37
7.3. Recuperación de avaliacións pendentes, avaliación ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro	41
8. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes	41
9. Deseño da avaliación inicial e de medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos resultados	42
10. Medidas de atención á diversidade	43
10.1. Medidas ordinarias	43
10.2. Medidas extraordinarias	44
11. Concreción dos elementos transversais	44
12. Actividades complementarias e extraescolares	45
13. Accións de contribución ao plan lector	45
14. Accións de contribución ao plan TIC	47
15. Accións de contribución ao plan de convivencia	47
16. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e da práctica docente	48
17. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	49
18. Datos do departamento	50

1. Introducción e contextualización

1.1. Xustificación

Esta programación de Bioloxía e Xeoloxía está dirixida aos alumnos da Educación Secundaria Obrigatoria do CPI de Xanceda (Mesía). Está redactada tendo en conta o marco legislativo establecido por:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación primaria a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Orde ECD/1361/2015, de 3 de xullo (BOE 9 de xullo 2015) nos aspectos de avaliación.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na ESO (DOG do 7 de xaneiro de 2008) e Orde do 23 de xuño de 2008, pola que se modifica esta (DOG do 24 de xuño).
- Resolución do 29 de maio do 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2019/2020 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O presente documento debe entenderse como algo flexible, como unha guía de traballo que tentará adaptarse á realidade da aula, e aberto, xa que permitirá incorporar modificacións sobre a marcha do curso e facer os axustes precisos coa finalidade de mellorar e optimizar a calidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

1.2. Contextualización

O concello de Mesía está situado no centro oeste de Galicia e ao leste da provincia da Coruña. Linda cos concellos de Frades, Boimorto, Curtis, Vilasantar, Oza-Cesuras, Abegondo, Ordes e Carral. A superficie municipal é de 106,8 km² e unha poboación de 2637 habitantes, repartidos en 20 núcleos de poboación distribuídos en 12 parroquias.

O Colexio Público Integrado de Xanceda ubícase en Xanceda, na capital municipal do concello de Mesía. É un centro rural cun total de 166 alumnos matriculados no curso 2019/2020. Impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Ao CPI de Xanceda están adscritas dúas Escolas Unitarias: Olas e Visantoña, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Educación Primaria.

Debido ao baixo número de alumnado só hai un grupo de cada curso, o cal favorece enormemente a atención individualizada ás necesidades de cada un.

A lingua materna dominante do alumnado é o galego.

En xeral os alumnos precisan ser guiados na organización e análise da propia aprendizaxe, prefiren as sesións de carácter oral e teñen dificultades para poñerse a traballar. Á maioría non lles gusta ler na casa nin facer as tarefas que non lles dá tempo a rematar na aula. As relacións entre eles son boas, xa que a maioría son veciños nas aldeas de procedencia e coñécense de cursos anteriores. Isto posibilita que as actividades en grupo aporten moi bos resultados e que sexa sinxelo tratar con eles temas de educación en valores.

No momento de realizar este documento, non está prevista ningunha adaptación curricular individualizada (ACI) para ningún alumno de Bioloxía e Xeoloxía. Contarase co apoio dunha PT 2h á semana en 1º da ESO para axudar a un alumno repetidor e a algún outro con dificultades. Tendo en conta ademais que a programación é un documento flexible, estarase en contacto co equipo de Orientación, ante calquera problema que poida xurdir no transcurso da mesma, activando as medidas de atención á diversidade precisas.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave en relación cos estándares de aprendizaxe avaliábeis

As competencias funcionan como eixo vertebrador do currículo, sendo, xunto cos obxectivos, as metas a conseguir na educación secundaria. Podémolas definir como as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa

educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL)
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- c) Competencia dixital (CD)
- d) Aprender a aprender (CAA)
- e) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- g) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O desenvolvemento competencial do alumnado valorarase poñendo en relación os estándares de aprendizaxe coas competencias clave de xeito que se poida graduar o rendemento alcanzado en cada unha delas. O conxunto de estándares que se relacionan cunha mesma competencia dá lugar ao perfil desa competencia facilitando a avaliación competencial do alumnado. Este perfil competencial pode extraerse das táboas do apartado 4 que reflicten a relación entre os distintos estándares de aprendizaxe coas sete competencias claves sinaladas na norma en vigor.

3. Concreción dos obxectivos

3.1. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

Segundo o decreto do currículo (*Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*), os obxectivos que deben acadar os alumnos durante esta etapa educativa son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizasen achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Obxectivos para Bioloxía e Xeoloxía

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. Nas seguintes táboas relaciónanse, por curso, os obxectivos da materia cos obxectivos da etapa.

Obxectivos da materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO	Obxectivos de etapa
1. Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel. Coñecer toda a información de carácter científico para ter unha opinión propia. Levar a cabo un traballo experimental de prácticas de laboratorio ou de campo. Levar a cabo un proxecto de investigación desde unha boa planificación a unha óptima exposición.	b, e, f, g, h, m, o
2. Coñecer as ideas principais sobre a orixe do universo e a formación e a evolución das galaxias. Coñecer a organización do sistema solar e as súas concepcións ao longo da historia. Relacionar a posición dun planeta no sistema solar coas súas características. Coñecer a localización da Terra no sistema solar. Identificar as características que fan que a Terra sexa un planeta onde se desenvolva a vida. Coñecer e relacionar os movementos da Terra, da Lúa e do Sol coa existencia do día, a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	f, l
3. Coñecer os materiais terrestres nas grandes capas da Terra. Identificar e coñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas.	f, g, n, ñ

4. Coñecer a atmosfera e as propiedades do aire. Identificar os problemas de contaminación ambiental desenvolvendo actitudes que contribúan a unha solución.	b, e, f, g, m
5. Apreciar a importancia da auga e describir as súas propiedades. Coñecer o ciclo da auga, o uso que se fai dela e a súa distribución na Terra. Comprender a necesidade dunha xestión sostible da auga potenciando a redución no consumo e a reutilización. Valorar a importancia das augas doces e salgadas.	a, f, g, m
7. Coñecer e identificar os diferentes niveis da materia viva. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte. Identificar as funcións comúns de todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa. Identificar os diferentes grupos de seres vivos. Recoñecer as características morfolóxicas principais dos distintos grupos taxonómicos.	f, l, m
8. Coñecer as características dos principais grupos de invertebrados e vertebrados. Determinar, a partir da observación, as adaptacións que lles permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e de plantas.	b, e, f, g, l, m, n, ñ
9. Coñecer os compoñentes dun ecosistema. Identificar os factores que desencadean os desequilibrios que se dan nun ecosistema. Apreciar todas as accións que favorecen a conservación do medio. Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.	a, f, g, m

Obxectivos da materia de Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO	Obxectivos de etapa
1. Coñecer o vocabulario científico adecuado ao seu nivel. Coñecer toda a información de carácter científico para ter unha opinión propia. Levar a cabo un traballo experimental de prácticas de laboratorio ou de campo. Levar a cabo un proxecto de investigación desde unha boa planificación a unha óptima exposición.	b, e, f, g, h, m, o
2. Coñecer os diferentes niveis de organización da materia e as súas características. Identificar as similitudes e diferenzas entre as células procariotas e eucariotas. Coñecer as funcións dos diferentes orgánulos.	f

3. Coñecer aspectos básicos da nutrición e alimentación identificando os trastornos de conduta alimentaria. Valorar a importancia dunha dieta equilibrada.	c, f, g, m
4. Comprender a relación entre a anatomía e a fisioloxía dos aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.	f, m
5. Coñecer a función do sistema nervioso e endócrino. Coñecer a estrutura e función dos órganos dos sentidos: coidado e hixiene. Identificar a función das principais glándulas endócrinas. Coñecer a función do aparello locomotor: relacións funcionais entre ósos e músculos.	f, m
6. Coñecer a anatomía do aparello reprodutor e os cambios físicos e psíquicos na adolescencia. Comprender o ciclo menstrual, fecundación, embarazo e parto. Apreciar e considerar a diversidade sexual das persoas.	a, c, d, e, f, g, m
7. Adquirir coñecemento sobre a saúde e a enfermidade e todo o relacionado co sistema inmune. Identificar as substancias aditivas e os problemas asociados a elas. Valorar a importancia dos transplantes e da doazón de células, tecidos e órganos. Coñecer as enfermidades relacionadas cos diferentes aparellos e sistemas, así como o modo de previlas.	a, c, d, e, f, g, m
8. Coñecer os diferentes tipos de relevo terrestre. Coñecer e identificar as formas de erosión. Coñecer a importancia das augas subterráneas e a súa relación coas augas superficiais. Coñecer as causas dos movementos da auga do mar e relacionalos coa erosión. Identificar a acción eólica en diferentes ambientes. Coñecer a acción xeolóxica dos glaciais. Apreciar a actividade xeolóxica dos seres vivos e a especie humana como axente xeolóxico externo.	f, g, l, m, ñ
9. Coñecer a estrutura interna da Terra, os axentes xeolóxicos internos e a súa relación co relevo. Identificar as actividades sísmicas e volcánicas coas súas características e os efectos que poden xerar. Coñecer os riscos sísmicos e volcánicos e a forma de previlos. Coñecer e identificar os compoñentes que fan do solo un ecosistema.	f, g, m

Obxectivos da materia de Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO	Obxectivos de etapa
1. Coñecer os postulados da teoría celular. Comparar a estrutura de	f, g, h

<p>distintos tipos de células. Diferenciar as fases do ciclo celular.</p> <p>Coñecer os procesos que teñen lugar na mitose e na meiose e a súa importancia biolóxica.</p>	
<p>2. Identificar as funcións dos distintos ácidos nucleicos. Recoñecer como forma de conservación xenética a replicación do ADN.</p> <p>Comprender o código xenético como mecanismo para expresar a información xenética. Ver as mutacións como forma de variabilidade xenética.</p>	a, b, g, f, h
<p>3. Comprender as leis da herdanza e a súa aplicación para a resolución de problemas de xenética sinxelos. Diferenciar entre herdanza do sexo e a ligada ao sexo. Reflexionar sobre as enfermidades hereditarias e a súa prevención. Respectar a diversidade funcional das persoas. Coñecer as técnicas e aplicacións da enxeñería xenética.</p>	a, c, f, g, h, m
<p>4. Coñecer as diferentes teorías sobre a orixe da vida e teorías evolutivas. Coñecer as probas e mecanismos da evolución con especial énfase no proceso de mutación como xerador de variabilidade xenética. Conceptualizar a hominización</p>	a, c, g, h
<p>5. Relacionar os factores ambientais coa vida dos seres vivos e os ecosistemas. Identificar o concepto de factor limitante e límite de tolerancia. Comprender a diferenza entre os conceptos de biótomo, poboación, comunidade, ecotono, cadeas e redes tróficas.</p> <p>Reflexionar sobre a adaptación dos seres vivos ao medio. Valorar as diferenzas no proceso de transferencia de enerxía e materia nas cadeas tróficas. Coñecer a importancia das pirámides tróficas na representación dos parámetros tróficos. Valorar a importancia do ciclos bioxeoquímicos na continua disposición dos bioelementos..</p>	a, b, c, f, g, h, m
<p>6. Valorar o impacto que o ser humano ocasiona aos ecosistemas.</p> <p>Coñecer distintos procesos de tratamento de residuos e reflexionar sobre a importancia da recollida selectiva. Valorar a importancia da utilización de enerxías renovables para a sustentabilidade do planeta.</p>	a, b, c, g, m
<p>7. Diferenciar as capas do modelo xeodinámico do xeoquímico.</p> <p>Comprender a configuración histórica da teoría da tectónica de placas como teoría global que explica os movementos verticais e horizontais da litosfera. Comprender que fenómenos xeolóxicos se asocian a cada tipo de bordo e o porqué. Relacionar a dinámica externa do planeta Terra coa interna.</p>	b, g, f

<p>8. Coñecer a principal teoría sobre a orixe da Terra. Comprender as dimensións do tempo xeolóxico en relación cos diferentes eóns, eras e períodos xeolóxicos situando nos mesmos os principais acontecementos xeolóxicos e biolóxicos. Coñecer os principais os fósiles guías de cada unha das divisións da historia da Terra. Levantar perfíles topográficos e reconstruír historias xeolóxicas a partir de cortes xeolóxicos</p>	<p>e, f, g, h</p>
<p>9. Utilizar o método científico con destreza e utilizar o vocabulario científico adecuado.</p>	<p>a, b, c, e, f, g, h, o</p>

4. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

- 1: En vías de adquisición.
- 2: Adquirido.
- 3: Avanzado.
- 4: Excelente.

Os instrumentos de avaliación que empregaremos son os seguintes:

- 1. Proba escrita.
- 2. Observación directa do traballo diario na aula.
- 3. Tarefas desenvoltas na casa.
- 4. Debates e intervencións.
- 5. Elaboración de proxectos individuais ou colectivos.
- 6. Traballo de laboratorio.

Nas táboas seguintes recóllese, ordenada por cursos, a temporalización das unidades didácticas que se verán ao longo deste curso, 2019-2020, para a materia de Bioloxía e Xeoloxía. Para cada curso a primeira táboa indica a temporalización de cada unidade e a segunda táboa o grao de consecución para superar a materia así como os instrumentos e procedementos de avaliación.

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.2. A Terra no universo.	1. O universo e o noso planeta.	10 sesións
		2. A atmosfera.	5 sesións
		3. A hidrosfera.	7 sesións
		4. Xeosfera. Minerais e rochas.	22 sesións
SEGUNDA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.2. A Terra no universo. B.3. A biodiversidade no planeta Terra.	5. A biosfera.	8 sesións
		6. Reino animal: vertebrados.	9 sesións
		7. Reino animal: invertebrados.	9 sesións
		8. Funcións vitais.	8 sesións
TERCEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.3. A biodiversidade no planeta Terra. B.4. Os ecosistemas.	9. Reino das plantas.	9 sesións
		10. Reino dos fungos, protistas e moneras.	8 sesións
		11. A ecosfera.	8 sesións
		12. Dinámica de ecosistemas.	12 sesións

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.					
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	Todas as UDs	1, 2, 3, 4, 5	2	CCL CMCCT
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Todas as UDs	2, 3, 5	2	CD CAA
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	Todas as UDs	2, 3, 5	2	CD CCL
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Todas as UDs	2, 3, 5	3	CAA CCL
B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	UD 4, 8, 9	5, 6	3	CMCCT CSC
	BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	UD 4, 8, 9	5, 6	2	CSIEE CMCCT CAA
Bloque 2. A Terra no universo.					
B2.1. Recoñecer as ideas principais sobre a orixe do Universo, e a formación e a evolución das galaxias.	BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.	UD 1	1, 2, 3, 4	1	CMCCT

Departamento de Biología e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B2.2. Expor a organización do Universo e do Sistema Solar, así como algunhas das concepcións que sobre este sistema planetario se tiveron ao longo da historia.	BXB2.1.2. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.	UD 1	1, 2, 3, 4	2	CMCCT
B2.3. Relacionar comparativamente a posición dun planeta no sistema solar coas súas características.	BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.	UD 1	1, 2, 3, 4	2	CMCCT
B2.4. Localizar a posición da Terra no Sistema Solar.	BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.	UD 1	1, 2, 3	3	CMCCT
B2.5. Establecer os movementos da Terra, da Lúa e do Sol, e relacionalos coa existencia do día e a noite, as estacións, as mareas e as eclipses.	BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.	UD 1	1, 2, 3	3	CMCCT
	BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.	UD 1	1, 2, 3	2	CMCCT
B2.6. Identificar os materiais terrestres segundo a súa abundancia e a distribución nas grandes capas da Terra.	BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.	UD 4	1, 3	2	CMCCT
	BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.	UD 4	1, 2, 3	3	CMCCT
B2.7. Recoñecer as propiedades e as características dos minerais e das rochas, distinguir as súas aplicacións máis frecuentes e salienta a súa importancia económica e a xestión sustentable.	BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	UD 4	6	2	CMCCT CAA
	BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.	UD 4	1, 2, 4	2	CCEC
	BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.	UD 4	1, 4	3	CSC

Departamento de Biología e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Biología e Xeoloxía. 1º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.	UD 2	1, 2, 3	2	CMCCT
	BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.	UD 2	1, 2, 3	3	CMCCT
	BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.	UD 2	1, 3	2	CMCCT
B2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	BXB2.9.1. Relaciona a contaminación Ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.	UD 2	1, 2, 4	3	CSC CSIEE
B2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela.	BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.	UD 2	1, 2, 4	3	CSC
B2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.	UD 3	1, 2, 3, 6	3	CMCCT
B2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.	UD 3	1, 2, 3, 4	3	CMCCT
B2.13. Valorar e identificar a necesidade dunha xestión sustentable da auga e de actuacións persoais e colectivas que potencien a redución do consumo e a súa reutilización.	BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.	UD 3	1, 2, 3, 4	3	CSC CSIEE

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 1º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas.	UD 3	1, 4	2	CSC
B2.15. Seleccionar as características que fan da Terra un planeta especial para o desenvolvemento da vida.	BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.	UD 5	1, 2, 3	2	CMCCT
Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra.					
B3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.	UD 5, 10	1, 2, 3	2	CCEC CMCCT
B3.2. Categorizar os criterios que serven para clasificar os seres vivos e identificar os principais modelos taxonómicos aos que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.	UD 5, 10	1, 2, 3	2	CMCCT
B3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos taxonómicos e explicar a súa importancia no conxunto dos seres vivos.	BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.	UD 5, 10	1, 2, 3	2	CMCCT
B3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados e vertebrados.	BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.	UD 7	1, 2, 3	2	CMCCT
	BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asignaos á clase á que pertencen.	UD 6	1, 2, 3	2	CMCCT
B3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.	BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relación coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.	UD 9	1, 2, 3, 4	3	CMCCT
	BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.	UD 9	1, 2, 3, 4	2	CMCCT

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 1º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B3.6. Utilizar claves dicotómicas ou outros medios para a identificación e a clasificación de animais e plantas.	BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.	UD 6, 7, 9	1, 2, 3	1	CAA
B3.7. Determinar a partir da observación as adaptacións que permiten aos animais e ás plantas sobrevivir en determinados ecosistemas, con especial atención aos ecosistemas galegos.	BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.	UD 6, 7, 11	3, 5, 6	2	CMCCT
	BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.	UD 6, 7, 8, 10	1, 2, 3	2	CAA CMCCT
	BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.	UD 6, 11	3, 5, 6	2	CCEC
Bloque 4. Os ecosistemas					
B4.1. Diferenciar os compoñentes dun ecosistema.	BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.	UD 11, 12	1, 2, 3, 4	2	CMCCT
B4.2. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios e establecer estratexias para restablecer o seu equilibrio.	BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes e desequilibrios nun ecosistema.	UD 11, 12	1, 2, 3, 4	2	CMCCT
B4.3. Recoñecer e difundir accións que favorezan a conservación ambiental.	BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.	UD 11, 12	1, 4	3	CSC CSIEE
Bloque 5. Proxecto de investigación.					
B5.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Todas as UDs	5, 6	2	CAA CMCCT
B5.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Todas as UDs	5, 6	2	CAA CLL
B5.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB5.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Todas as UDs	5, 6	3	CMCCT CD

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Bioloxía e Xeoloxía. 1º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B5.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Todas as UDs	1, 2, 3, 4, 5, 6	3	CSC CSIEE
B5.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	UD 2, 3, 4, 9	5, 6	2	CAA CMCCT CSIEE CD
	BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	UD 2, 3, 4, 9	5, 6	2	CCL CCEC

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde.	1. A organización do corpo humano.	5 sesións
		2. Alimentación e nutrición.	5 sesións
		3. Aparatos dixestivo e respiratorio.	5 sesións
		4. Aparatos circulatorio e excretor.	6 sesións
SEGUNDA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.	5. Sistemas nervioso e endócrino.	9 sesións
		6. Sentidos e aparato locomotor.	8 sesións

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

	B.2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde.	7. Aparato reprodutor.	8 sesións
TERCEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde. B.4. O relevo terrestre e a súa evolución. B.5. O solo como ecosistema	8. Saúde e enfermidade.	6 sesións
		9. O modelado terrestre e o seu relevo.	11 sesións

Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.					
B1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.	Todas as UDs	1, 2, 3, 4, 5	3	CCL CMCCT
B1.2. Procurar, seleccionar e interpretar a Información de carácter científico e utilízala para formar unha opinión propia, expresarse con precisión e argumentar sobre problemas relacionados co medio natural e a saúde.	BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.	Todas as UDs	2, 3, 5	2	CD CAA
	BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.	Todas as UDs	2, 3, 5	2	CD CCL
	BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.	Todas as UDs	2, 3, 5	3	CAA CCL

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B1.3. Realizar un traballo experimental con axuda dun guión de prácticas de laboratorio ou de campo, describir a súa execución e interpretar os seus resultados.	BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.	Todas as UDs	6	3	CMCCT CSC
	BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.	Todas as UDs	6	2	CSIEE CMCCT CAA
Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos					
B2.1. Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células e determinar as características que os diferencian da materia inerte.	BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.	UD 1	1, 3	3	CMCCT
	BXB2.1.2. Establece comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.	UD 1	1, 3	2	CMCCT
B2.2. Describir as funcións comúns a todos os seres vivos, diferenciando entre nutrición autótrofa e heterótrofa.	BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.	UD 1	1, 3	2	CMCCT
	BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.	UD 1	1, 3	2	CMCCT
Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde					
B3.1. Catalogar os niveis de organización da materia viva (células, tecidos, órganos e aparellos ou sistemas) e diferenciar as principais estruturas celulares e as súas funcións.	BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.	UD 1	1, 3	2	CAA
	BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.	UD 1	1, 3	2	CMCCT
B3.2. Diferenciar os tecidos máis importantes do ser humano e a súa función.	BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.	UD 1	1, 3	2	CMCCT

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B3.3. Descubrir, a partir do coñecemento do concepto de saúde e doenza, os factores que os determinan.	BXB3.3.1. Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promoverla individual e colectivamente.	UD 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8	1, 3, 4, 5	2	CSC
B3.4. Clasificar as doenzas e determinar as infecciosas e non infecciosas máis comúns que afectan a poboación (causas, prevención e tratamentos).	BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.	UD 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8	1, 3, 4, 5	2	CMCCT
	BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B3.5. Valorar e identificar hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención das doenzas.	BXB3.5.1. Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.	UD 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8	1, 3, 4, 5	3	CSC
	BXB3.5.2. Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.	UD 7, 8	3, 4, 5	2	CSIEE CSC
B3.6. Seleccionar información, establecer diferenzas dos tipos de doenzas dun mundo globalizado e deseñar propostas de actuación.	BXB3.6.1. Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.	UD 3, 4, 8	2, 4	2	CSIEE CSC
B3.7. Determinar o funcionamento básico do sistema inmune e as continuas contribucións das ciencias biomédicas, e describir a importancia do uso responsable dos medicamentos.	BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.	UD 8	1, 3	2	CMCCT CSC
B3.8. Recoñecer e transmitir a importancia que ten a prevención como práctica habitual e integrada nas súas vidas e as consecuencias positivas da doazón de células, sangue e órganos.	BXB3.8.1. Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.	UD 4, 8	2, 4	2	CSC

Departamento de Biología e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Biología e Xeoloxía. 3º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B3.9. Investigar as alteracións producidas por distintos tipos de substancias aditivas, e elaborar propostas de prevención e control	BXB3.9.1. Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.	UD 3, 5	3, 5	3	CSC CSIEE
B3.10. Recoñecer as consecuencias para o individuo e a sociedade de seguir condutas de risco.	BXB3.10.1. Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.	UD 5, 8	1, 3	3	CSC
B3.11. Recoñecer a diferenza entre alimentación e nutrición, e diferenciar os principais nutrientes e as súas funcións básicas.	BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.	UD 2, 3	1, 3	2	CMCCT
	BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables.	UD 2	1, 3	2	CMCCT
B3.12. Relacionar as dietas coa saúde a través de exemplos prácticos.	BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.	UD 2	1, 3, 5	2	CAA CD
B3.13. Argumentar a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico na saúde, e identificar as doenzas e os trastornos principais da conduta alimentaria.	BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.	UD 2	3, 5	2	CAA CSC
B3.14. Explicar os procesos fundamentais da nutrición, utilizando esquemas gráficos dos aparellos que interveñen nela.	BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.	UD 3, 4	1, 3	3	CMCCT
B3.15. Asociar a fase do proceso de nutrición que realiza cada aparello implicado.	BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.	UD 3, 4	1, 3	3	CMCCT
B3.16. Identificar os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e coñecer o seu funcionamento.	BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.	UD 3, 4	1, 3	2	CMCCT

Departamento de Biología e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Biología e Xeoloxía. 3º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B3.17. Indagar acerca das doenzas máis habituais nos aparellos relacionados coa nutrición, así como sobre as súas causas e a maneira de previlas.	BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.	UD 3, 4	1, 3	2	CMCCT
B3.18. Describir os procesos implicados na función de relación, e os sistemas e aparellos implicados, e recoñecer e diferenciar os órganos dos sentidos e os coidados do oído e a vista.	BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas función de relación.	UD 5	1, 3	2	CMCCT
	BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.	UD 6	1, 3	2	CMCCT
	BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.	UD 6	1, 3	2	CMCCT
B3.19. Explicar a misión integradora do sistema nervioso ante diferentes estímulos, e describir o seu funcionamento.	BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaos coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.	UD 6	1, 3	2	CMCCT CSC
B3.20. Asociar as principais glándulas endócrinas coas hormonas que sintetizan e coa súa función.	BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.	UD 6	1, 3	2	CMCCT
B3.21. Relacionar funcionalmente o sistema neuro-endócrino.	BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.	UD 6	3, 5	2	CMCCT
B3.22. Identificar os principais ósos e músculos do aparello locomotor.	BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.	UD 6	1, 3	2	CMCCT
B3.23. Analizar as relacións funcionais entre ósos, músculos e sistema nervioso.	BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.	UD 6	1, 3	2	CMCCT
B3.24. Detallar as lesións máis frecuentes no aparello locomotor e como se prevenen.	BXB3.24.1. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaos coas lesións que producen.	UD 6	1, 2, 3	2	CSC CAA

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B3.25. Referir os aspectos básicos do aparello reprodutor, diferenciar entre sexualidade e reprodución, e interpretar debuxos e esquemas do aparello reprodutor.	BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.	UD 7	1, 3	2	CMCCT
B3.26. Recoñecer os aspectos básicos da reprodución humana e describir os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto.	BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.	UD 7	1, 3	2	CMCCT
	BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto	UD 7	1, 3	2	CMCCT
B3.27. Comparar os métodos anticonceptivos, clasificalos segundo a súa eficacia e recoñecer a importancia dalgúns deles na prevención de doenzas de transmisión sexual.	BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.	UD 7	1, 2, 3	2	CMCCT
	BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.	UD 7	1, 2, 3	2	CMCCT CSC CCEC
B3.28. Compilar información sobre as técnicas de reprodución asistida e de fecundación in vitro, para argumentar o beneficio que supuxo este avance científico para a sociedade.	BXB3.28.1. Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.	UD 7	1, 2, 3	2	CMCCT
B3.29. Valorar e considerar a súa propia sexualidade e a das persoas do contorno, e transmitir a necesidade de reflexionar, debater, considerar e compartir.	BXB3.29.1. Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.	UD 7	4	2	CSC CCEC
Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución					
B4.1. Identificar algunhas das causas que fan que o relevo difira duns sitios a outros.	BXB4.1.1. Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT
B4.2. Relacionar os procesos xeolóxicos externos coa enerxía que os activa e diferencialos dos procesos internos.	BXB4.2.1. Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
	BXB4.2.2. Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.	UD 8	1, 3	3	CMCCT

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B4.3. Analizar e predicir a acción das augas superficiais, e identificar as formas de erosión e depósitos máis características.	BXB4.3.1. Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B4.4. Valorar e analizar a importancia das augas subterráneas, e xustificar a súa dinámica e a súa relación coas augas superficiais.	BXB4.4.1. Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.	UD 8	1, 3	2	CMCCT CSC
B4.5. Analizar a dinámica mariña e a súa influencia na modelaxe litoral.	BXB4.5.1. Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT
B4.6. Relacionar a acción eólica coas condicións que a fan posible, e identificar algunhas formas resultantes.	BXB4.6.1. Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT
B4.7. Analizar a acción xeolóxica dos glaciares e xustificar as características das formas de erosión e depósito resultantes.	BXB4.7.1. Analiza a dinámica glacial e identifica os seus efectos sobre o relevo.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B4.8. Indagar e identificar os factores que condicionan a modelaxe da paisaxe nas zonas próximas ao alumnado.	BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.	UD 8	5	2	CCEC CAA
B4.9. Recoñecer e identificar a actividade xeolóxica dos seres vivos e valorar a importancia da especie humana como axente xeolóxico externo.	BXB4.9.1. Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
	BXB4.9.2. Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.	UD 8	1, 3, 5	2	CSC CCEC
B4.10. Diferenciar os cambios na superficie terrestre xerados pola enerxía do interior terrestre dos de orixe externa.	BXB4.10.1. Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B4.11. Analizar as actividades sísmica e volcánica, as súas características e os efectos que xeran.	BXB4.11.1. Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
	BXB4.11.2. Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.	UD 8	1, 3	2	CMCCT

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B4.12. Relacionar a actividade sísmica e volcánica coa dinámica do interior terrestre e xustificar a súa distribución planetaria.	BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B4.13. Valorar e describir a importancia de coñecer os riscos sísmico e volcánico, e as formas de previlos.	BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.	UD 8	1, 3	2	CAA CSC
Bloque 5. O solo como ecosistema.					
B5.1. Analizar os compoñentes do solo e esquematizar as relación entre eles.	BXB5.1.1. Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.	UD 8	1, 3	2	CMCCT
B5.2. Valorar e determinar a importancia do solo e os riscos que comporta a súa sobreexplotación, degradación ou perda.	BXB5.2.1. Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.	UD 8	1, 3	2	CMCCT CSC
Bloque 6. Proxecto de investigación.					
B6.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Todas as UDs	6	2	CAA CMCCT
B6.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Todas as UDs	6	2	CAA CLL
B6.3. Utilizar fontes de información variada, e discriminar e decidir sobre elas e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Todas as UDs	5, 6	3	CMCCT CD
B6.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en equipo.	BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Todas as UDs	4, 5, 6	3	CAA CMCCT CSC CSIEE

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. 3º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B6.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	UD 3	5	2	CSIEE CD
	BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	UD 7, 8, 9	5, 6	2	CCL CCEC

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4º ESO

AVALIACIÓN	BLOQUES	UNIDADES	TEMPORALIZACIÓN
PRIMEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde.	1. A organización celular dos seres vivos.	5 sesións
		2. Información e manipulación xenética.	5 sesións
		3. Herdanza e transmisión de caracteres.	5 sesións
		4. A orixe e evolución da vida.	6 sesións
SEGUNDA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.	5. Historia da Terra.	9 sesións
		6. Estrutura e dinámica da Terra.	8 sesións
		7. Tectónica e relevo.	8 sesións

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

	B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde.		
TERCEIRA	B.1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica. B.3. As persoas e a saúde. A promoción da saúde. B.4. O relevo terrestre e a súa evolución. B.5. O solo como ecosistema	8. Estructura e dinámica dos ecosistemas.	6 sesións
		9. Actividade humana e medio ambiente.	11 sesións

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica.					
B1.1. Determinar as analogías e as diferenzas na estrutura das células procariotas e eucariotas, e interpretar as relacións evolutivas entre elas.	BXB1.1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.	UD 1	1, 2, 3	3	CAA CMCCT
	BXB1.1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.	UD 1	5	2	CD CAA
B1.2. Identificar o núcleo celular e a súa organización segundo as fases do ciclo celular, a través da observación directa ou indirecta.	BXB1.2.1. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.	UD 1	1, 2, 3	2	CCL CAA
B1.3. Comparar a estrutura dos cromosomas e da cromatina.	BXB1.3.1. Recoñece as partes dun cromosoma utilizándoo para construír un cariotipo.	UD 1	1, 2	3	CMCCT
B1.4. Formular e identificar os principais procesos que teñen lugar na mitose e na meiose, e revisar o seu significado e a súa importancia biolóxica.	BXB1.4.1. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.	UD 1	1, 2, 3	3	CMCCT CAA

Departamento de Biología e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Biología e Xeoloxía. 4º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B1.5. Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos, e relacionalos coa súa función.	BXB1.5.1. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.	UD 3	1, 2, 3	3	CAA CSIEE
B1.6. Relacionar a replicación do ADN coa conservación da información xenética.	BXB1.6.1. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.	UD 2, 3	1, 2, 3	3	CAA
B1.7. Comprender e ilustrar como se expresa a información xenética, utilizando o código xenético e resolvendo problemas sinxelos.	BXB1.7.1. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.	UD 3	1, 2, 3	2	CAA CSIEE
B1.8. Valorar e recoñecer o papel das mutacións na diversidade xenética, e comprender a relación entre mutación e evolución.	BXB1.8.1. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.	UD 3	1, 2, 3	3	CMCCT CAA
B1.9. Formular os principios da xenética mendeliana, aplicando as leis da herdanza na resolución de problemas sinxelos, e recoñecer a base cromosómica das leis de Mendel.	BXB1.9.1. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.	UD 3	1, 2, 3	3	CMCCT CAA CCEC
B1.10. Diferenciar a herdanza do sexo e a ligada ao sexo, e establecer a relación entre elas.	BXB1.10.1. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.	UD 3	1, 2, 3	3	CAA CSIEE
B1.11. Coñecer e identificar algunhas doenzas hereditarias, a súa prevención e o seu alcance social.	BXB1.11.1. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.	UD 3	1, 2, 3	2	CMCCT CSC
B1.12. Identificar as técnicas da enxeñaría xenética: ADN recombinante e PCR.	BXB1.12.1. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.	UD 2	2	2	CMCCT CSIEE
B1.13. Comprender e describir o proceso da clonación.	BXB1.13.1. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva.	UD 2	1, 2, 3, 4	2	CSC CSIEE CAA

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B1.14. Recoñecer as aplicacións da enxeñaría xenética: organismos modificados xeneticamente (OMX).	BXB1.14.1. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.	UD 2	2, 4	2	CSC CSIEE
B1.15. Valorar e interpretar as aplicacións da tecnoloxía do ADN recombinante na agricultura, na gandaría, no ambiente e na saúde.	BXB1.15.1. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.	UD 2	1, 2, 3, 4	2	CSC
B1.16. Coñecer e describir as hipóteses sobre a orixe da vida e as probas da evolución. Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	BXB1.16.1. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.	UD 4	1, 2, 3, 4	2	CMCCT CAA
B1.17. Comprender e establecer os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e a selección. Analizar o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.	BXB1.17.1. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.	UD 4	1, 2, 3	3	CAA
B1.18. Interpretar árbores filoxenéticas, incluíndo a humana.	BXB1.18.1. Interpreta árbores filoxenéticas.	UD 4	1, 2, 3	2	CAA
B1.19. Describir a hominización.	BXB1.19.1. Recoñece e describe as fases da hominización.	UD 4	1, 2, 3	2	CMCCT CCL
Bloque 2. A dinámica da Terra					
B2.1. Recoñecer, compilar e contrastar feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante.	BXB2.1.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.	UD 5	1, 2, 3	3	CAA
B2.2. Rexistrar e reconstruír algúns dos cambios máis notables da historia da Terra, e asocialos coa súa situación actual.	BXB2.2.1. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.	UD 5	2, 4	2	CAA CSIEE

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Criterios de avaliación	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				Competencias clave
	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	
B2.3. Categorizar e integrar os procesos xeolóxicos máis importantes da historia da Terra.	BXB2.3.1. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.	UD 5	1, 2, 3	2	CMCCT
B2.4. Recoñecer e datar eóns, eras e períodos xeolóxicos, utilizando o coñecemento dos fósiles guía.	BXB2.4.1. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.	UD 5	1, 2, 3	2	CAA
B2.5. Interpretar cortes xeolóxicos sinxelos e perfís topográficos como procedemento para o estudo dunha zona ou dun terreo.	BXB2.5.1. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos.	UD 5	1, 3	2	CMCCT CCL
	BXB2.5.2. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.	UD 5	1, 2, 3	3	CMCCT
B2.6. Comprender e comparar os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	BXB2.6.1. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.	UD 6	1, 2, 3	2	CAA
B2.7. Combinar o modelo dinámico da estrutura interna da Terra coa teoría da tectónica de placas.	BXB2.7.1. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.	UD 6	1, 2, 3	2	CAA CSIEE
B2.8. Recoñecer as evidencias da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	BXB2.8.1. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.	UD 6	2, 4	2	CAA
B2.9. Interpretar algúns fenómenos xeolóxicos asociados ao movemento da litosfera e relacionalos coa súa situación en mapas terrestres. Comprender os fenómenos naturais producidos nos contactos das placas.	BXB2.9.1. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.	UD 6	1, 2, 3	2	CAA CMCCT
	BXB2.9.2. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.	UD 6, 7	1, 2, 3	2	CAA
B2.10. Explicar a orixe das cordilleiras, os arcos de illas e os oróxeos térmicos.	BXB2.10.1. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.	UD 6, 7	1, 2, 3	2	CMCCT
B2.11. Contrastar os tipos de placas litosféricas e asociarlles movementos e consecuencias.	BXB2.11.1. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.	UD 6, 7	1, 2, 3	2	CAA CCL

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B2.12. Analizar que o relevo, na súa orixe e na súa evolución, é resultado da interacción entre os procesos xeolóxicos internos e externos.	BXB2.12.1. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.	UD 6, 7	1, 2, 3	2	CAA
Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente					
B3.1. Explicar os conceptos de ecosistema, biótomo, poboación, comunidade, ecotón, hábitat e nicho ecolóxico.	BXB3.1.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT
	BXB3.1.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.	UD 8	1, 2, 3, 4	2	CAA CSIEE CCL
B3.2. Comparar adaptacións dos seres vivos a diferentes medios, mediante a utilización de exemplos.	BXB3.2.1. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.	UD 8	1, 2, 3	2	CSC CAA
B3.3. Categorizar os factores ambientais e a súa influencia sobre os seres vivos, e recoñecer o concepto de factor limitante e límite de tolerancia.	BXB3.3.1. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT CAA
B3.4. Identificar as relacións intraespecíficas e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	BXB3.4.1. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.	UD 8	1, 2, 3	2	CMCCT
B3.5. Explicar os conceptos de cadeas e redes tróficas.	BXB3.5.1. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.	UD 8	1, 2, 3	2	CAA CSC CCL
B3.6. Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha cadea ou rede trófica, e deducir as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano.	BXB3.6.1. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.	UD 8	4	3	CSC CCEC

Departamento de Biología e Xeoloxía

Biología e Xeoloxía. 4º de ESO					
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B3.7. Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sustentable.	BXB3.7.1. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.	UD 8	1, 2, 3	2	CAA
B3.8. Contrastar algunhas actuacións humanas sobre diferentes ecosistemas, valorar a súa influencia e argumentar as razóns de certas actuacións individuais e colectivas para evitar a súa deterioración.	BXB3.8.1. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.	UD 8	1, 2, 3, 4	2	CSC CCL CCEC
	BXB3.8.2. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.	UD 8	1, 2, 3, 5	3	CMCCT CAA CCL
B3.9. Concretar procesos de tratamento de residuos e describir a xestión que dos residuos se fai no seu contorno próximo.	BXB3.9.1. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.	UD 8	2, 4	2	CSC CSIEE
B3.10. Contrastar argumentos a favor da recollida selectiva de residuos e a súa repercusión a nivel familiar e social.	BXB3.10.1. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.	UD 8	2, 4	3	CSC CAA
B3.11. Asociar a importancia da utilización de enerxías renovables no desenvolvemento sustentable.	BXB3.11.1. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.	UD 8	1, 2, 3, 4	3	CSC CCL
Bloque 4. Proxecto de investigación					
B4.1. Planear, aplicar e integrar as destrezas e as habilidades propias do traballo científico.	BXB4.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.	Todas as UDs	5	3	CAA CMCCT CSIEE
B4.2. Elaborar hipóteses e contrastalas a través da experimentación ou da observación e a argumentación.	BXB4.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.	Todas as UDs	5	3	CAA CLL CMCCT
B4.3. Discriminar e decidir sobre as fontes de información e os métodos empregados para a súa obtención.	BXB4.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.	Todas as UDs	5	3	CAA CCL

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

	Bioloxía e Xeoloxía. 4º de ESO				
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Instrumento de avaliación	Grao de consecución	Competencias clave
B4.4. Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.	BXB4.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.	Todas as UDs	5	4	CAA CSC CSIEE
B4.5. Expor e defender en público o proxecto de investigación realizado.	BXB4.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.	Todas as UDs	5	3	CCL CSIEE CD CMCCT
	BXB4.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.	Todas as UDs	5	2	CCL

5. Concrecións metodolóxicas da materia

Neste curso as materias do departamento seguirán a seguinte metodoloxía:

As sesións teóricas intercalaranse con sesións de resolución de cuestións e problemas, con lecturas de diversos textos relacionadas cos contidos que se vaian tratando, con sesións de repaso mediante presentacións de PowerPoint, e co manexo de diversas páxinas web.

Intentaremos achegar os contidos a realidade próxima do alumnado, mediante exemplos relacionados coa vida cotiá e a realización de prácticas de laboratorio (cando sexa posible), nas que se empreguen, na maioría do posible, materiais e reactivos “caseiros”.

Apostarase por unha metodoloxía activa e participativa centrada no interese do alumnado. Asemade realizarase un seguimento o máis personalizado posible.

Coa metodoloxía aplicada tentarase contribuír a desenvolver a competencia científica do alumnado e capacitalo para construír e aplicar os coñecementos de forma autónoma, creativa, responsable e crítica (tanto no plano persoal da vida cotiá como no social da participación cidadá).

6. Materiais e recursos didácticos

6.1. Libros de texto

- Libro dixital a través da plataforma E-Dixgal 1º ESO (con materias de Netex, Edebé e Aula Planeta, e materiais elaborados polo docente). O profesor empregará ademais dous libros de texto de apoio: Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO. Serie Observa Ed. Santillana (edición 2016); e Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO. Ed. Anaya (edición 2015).
- Bioloxía e Xeoloxía 3º ESO. Ed. Anaya (edición 2015).
- Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO. Serie Observa Ed. Santillana (edición 2016).

6.2. Material complementario

- Caderno do alumno.
- Revistas especializadas e bibliografía complementaria (biblioteca do centro).
- Laboratorio co instrumental necesario para a realización das prácticas de laboratorio propostas.
- Modelos anatómicos do corpo humano, coleccións de fósiles, minerais e rochas.
- Ordenador con conexión a Internet na aula e no laboratorio.

- Ordenadores do alumno en 1º ESO.
- Vídeos, CD-ROM e DVD relacionados coas unidades propostas.
- Boletíns de exercicios en fotocopias.
- Presentacións en Power Point.

7. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

7.1. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Para a materia de Bioloxía e Xeoloxía poden extraerse das táboas do apartado 4.

7.2. Criterios de cualificación

A cualificación obtida en cada avaliación será calculada tendo en conta os seguintes instrumentos e procedementos de avaliación:

- **Probas escritas:** realizaranse dúas probas escritas por avaliación que serán valoradas cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos. A nota deste apartado será a media numérica obtida nas distintas probas. As faltas ortográficas non descontan da nota salvo que o alumno non cumpra o seguinte requisito: deberá copiar no caderno 20 veces correctamente cada palabra mal escrita na proba, para o día seguinte de clase á entrega da proba corrixida polo profesorado; se non entrega as copias en forma e tempo recibirá un desconto de 0,1 puntos na nota da proba por cada palabra da que non fixese copias. En casos excepcionais, poderanse realizar ata tres probas por avaliación.

As probas escritas deberán ser realizadas en bolígrafo azul ou negro, e non se poderá utilizar ningún corrector. Unha vez na aula o alumnado non poderá pedir prestados bolígrafos. Calquera pregunta que sexa realizada sen cumprir estas consideracións será cualificada cun 0.

- **Observación:** divídese en catro apartados diferentes, cada un cun peso específico.
- Tarefas desenvolvidas na casa: o alumno parte ao inicio da avaliación dunha nota de cero neste apartado. O profesor cualificará as actividades coas seguintes notas:

N/R (non realizada) – MAL – REGULAR – BEN ou MOI BEN. Á hora de cuantificalas empregaremos a seguinte táboa de valores:

N/R-equivale a 0, MAL-equivale a 3, REGULAR-equivale a 6, BEN-a 8 e MOI BEN-a 10.

Finalmente, computaranse todas as notas de cada alumno e procederase a facer a media numérica correspondente.

- Esforzo e traballo na aula: (importante mirar o seguinte punto, traballo de investigación). As actividades propostas na aula serán cualificadas coma no apartado anterior.

O profesor tamén poderá observar que o alumno toma apuntes de forma autónoma levando o caderno o día, solicitándolle o caderno ao alumno en calquera momento. A cualificación da toma de apuntes segue o mesmo criterio.

- Traballo de investigación: o alumnado debe entregar o traballo na data límite que se indicará cunha semana de antelación como mínimo, aquel que non o entregue en tempo obterá unha nota de 0 neste apartado.

O traballo entregado será avaliado cunha nota entre 0 e 10 seguindo os seguintes criterios:

- Presentación e organización correctas: ata 2,5 puntos.
- Desenvolvemento de todos os puntos especificados polo profesorado: ata 2,5 puntos.
- Calidade do traballo: ata 5 puntos.
- No suposto de que se esixa exposición oral, este ítem será valorado ata 2,5 puntos, reducindo o peso da calidade do traballo ao mesmo valor.

No caso de non facerse un traballo de investigación concreto nunha avaliación, esta porcentaxe incluírase no apartado “esforzo e traballo na aula” que, deste xeito, terá un valor maior do proposto inicialmente.

- Interese pola materia: o alumnado, segundo sexa o seu comportamento activo ou pasivo sobre a materia, será cualificado en relación aos seguintes aspectos:

- Alumnado que non participa nunca en clase nin para preguntar dúbidas nin para contestar as cuestións realizadas polo profesorado.
- Alumnado que participa en moi poucas ocasións, e que nunca contesta cuestións realizadas polo profesorado.
- Alumnado con participación intermedia.

- Alumnado que participa en moitas ocasións pero que non contesta ben na maioría delas.

- Alumnado que participa en moitas ocasións e contesta ben na maioría delas.

A puntuación de interese pola materia realizarase do seguinte modo: o alumno recibirá un positivo cada vez que participe voluntariamente -o que equivale a 0,1 puntos- e dous positivos cada vez que participe contestando ben -o que equivale a 0,2 puntos-. A nota do ítem será a suma aritmética de positivos, ata un máximo de 0,5 puntos.

- **Presentación caderno/boletín de actividades:** o alumnado deberá entregar o caderno de apuntamentos e exercicios ou os boletíns de actividades na data límite que se indicará cunha semana de antelación como mínimo, aqueles que non o entreguen en tempo obterán unha nota de 0 neste apartado.

Aquel alumnado que o entregue na data especificada parte cunha nota de 10, esta nota baixará nos seguintes casos:

- ✓ Presentación desordenada e chea de manchas -5.
- ✓ Non ter feitos e corrixidos todos os exercicios -2,5.
- ✓ Non ter feitos e corrixidos máis do 50% (aproximadamente) dos exercicios obrigatorios e non ter tomado máis do 50% (aproximadamente) dos apuntes obrigatorios -7,5.
- ✓ A nota máxima que se pode restar o 10 inicial é 10, aínda que a suma das penalizacións sexa superior a 10.

A continuación especificanse os valores de ponderación que se empregarán para obter a cualificación final de cada avaliación, para cada curso:

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1ºESO

- **Probas escritas: 70%**

- **Probas orais: 5%**

- **Observación: 15%**, que se distribúe do seguinte xeito:

- Tarefas desenvolvidas na casa: 2.5%
- Esforzo e traballo na aula: 5%

- Traballo de investigación: 2.5%, de non facerse nalgunha avaliación, esta porcentaxe sumarase ao “esforzo e traballo na casa” que terá un valor de ponderación do 5%
- Interese pola materia: 5%

- Presentación caderno: 10 %

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3ºESO

- Probas escritas: 70%

- Observación: 20%, que se distribúe do seguinte xeito:

- Tarefas desenvolvidas na casa: 5%
- Esforzo e traballo na aula: 5%
- Traballo de investigación: 5%, de non facerse nalgunha avaliación, esta porcentaxe sumarase ao “esforzo e traballo na casa” que terá un valor de ponderación do 10%
- Interese pola materia: 5%

- Presentación caderno: 10 %

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 4ºESO

- Probas escritas: 80%

- Observación: 15%, que se distribúe como segue:

- Tarefas desenvolvidas na casa: 5%
- Esforzo e traballo na aula: 2.5%
- Traballo de investigación: 5%, de non facerse nalgunha avaliación, esta porcentaxe sumarase ao “esforzo e traballo na casa” que terá un valor de ponderación do 10%
- Interese pola materia: 2.5%

- Boletín de actividades: 5 %

Unha vez realizado o cálculo considérase aprobado aquel alumno que obteña unha nota igual ou superior a 5.

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas do caderno de clase, traballo ou proxecto de investigación, debe ser xustificada, mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial. A falta inxustificada a

unha proba escrita, fará que na mesma o alumno reciba unha cualificación de 0. A non entrega e/ou exposición debidamente xustificada do caderno de clase, traballo ou proxecto de investigación nas datas establecidas fará que no apartado correspondente reciba unha cualificación de 0 nesa avaliación.

Unha conduta de engano e suplantación de coñecemento, por calquera medio, durante unha proba escrita, na realización do caderno de clase, na realización de traballo ou proxecto de investigación, suporá a cualificación inmediata de 0 para esa avaliación no apartado correspondente.

A lectura dalgún libro optativo (recollidos no apartado 16. Accións de contribución ao Proxecto Lector) e a realización do respectivo traballo/proba escrita implica poder recibir un incremento de ata 0,5 puntos como máximo na nota final.

7.3. Recuperación de avaliacións pendentes, avaliación ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro

Para aquel alumnado que sexa avaliado negativamente nalgunha avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación nos primeiros 15 días lectivos seguintes ao remate da mesma. Esta proba incluírá todos os contidos das probas parciais non superadas durante a avaliación. Na terceira avaliación esa proba non se realizará a parte, senón que o alumnado deberá acudir á proba final de xuño para recuperala. Esta última proba escrita tamén a realizará aquel alumnado que teña pendente algunha das anteriores avaliacións (1ª, 2ª ou ambas) a pesar da realización dos exames propios da avaliación e respectivas recuperacións.

Enténdese que a avaliación está recuperada cando a cualificación obtida na proba escrita de recuperación é igual ou superior a 5.

Aquel alumnado que despois das probas de recuperación mencionadas anteriormente sigan tendo algunha avaliación pendente terán, na avaliación ordinaria de xuño, unha cualificación de suspenso, debendo presentarse á proba escrita de setembro unicamente coa avaliación ou avaliacións suspensas.

8. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

Para os alumnos coa materia de Bioloxía e Xeoloxía pendente de cursos anteriores establecerase un programa específico individual que inclúe a realización de traballos de

recuperación mensuais, trimestrais ou semestrais. Entregaranse boletíns de exercicios con actividades e cuestións relativas as unidades correspondentes, que deberán entregar para ser corrixidos. Non se fará entrega de novos boletíns ata ter feitos e entregados os anteriores.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Así mesmo faranse dúas probas escritas eliminatorias pola departamento nas seguintes datas:

- **Parcial 1: entre o 13 e o 17 de xaneiro.**
- **Parcial 2: entre o 30 de marzo e o 3 de abril.**

Os contidos traballados repartiranse de forma equitativa entre ambos parciais. Cada un deles será puntuado de 0 a 10. A cualificación mínima debe ser de 4 puntos en cada parcial.

Para a cualificación final da materia pendente ponderarase a nota das probas escritas facendo a media numérica de ambas e valoraranse os boletíns de actividades realizados ao longo do curso, de xeito que os valores de ponderación serán do 70% a media das probas escritas e do 30% a media dos boletíns realizados. Para superar a materia hai que obter unha nota mínima de 5.

No caso de suspender algunha destas probas haberá un exame final (**na semana do 4 ao 8 de maio**) no que o alumnado poderá recuperar os parciais non superados.

A avaliación inclúese nas ordinarias.

O profesor da materia informará ao titor dos aspectos académicos do alumnado pendente.

No grupo de 2º ESO do presente curso académico hai 1 alumno coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO pendente.

En 1º ESO do presente curso académico hai 1 repetidor, en 3º ESO A 1 repetidor e no grupo de 3º ESO PMAR hai 4 repetidores. En 4º ESO non hai alumnos repetidores na materia de Bioloxía e Xeoloxía. Para os repetidores non hai deseñado un programa específico, pero si se lles propoñerán novas actividades e retos coa finalidade de engancharlos á materia e motivalos.

9. Deseño da avaliación inicial e de medidas a adoptar en función dos resultados

Ao comezo do curso, nas primeiras tres semanas, farase unha proba escrita obxectiva e estandarizada de avaliación inicial (que non se terá en conta para a cualificación), ademais farase unha observación diaria do traballo e producións do alumno, da súa actitude, das súas posibles dificultades. Cos resultados obtidos establecerase o nivel de partida dos alumnos e proporanse, de ser necesario, na reunión de avaliación inicial, as medidas de atención á diversidade precisas.

10. Medidas de atención á diversidade

10.1. Medidas ordinarias

As medidas ordinarias que cabe mencionar desde o punto de vista **organizativo** do centro, recollidas no Plan Xeral Anual, son as seguintes:

- Desdobre en 3º da ESO: 3º ESO A e 3º ESO PMAR, o que permite unha maior atención á diversidade.
- Aula específica para impartir os ámbitos co alumnado do PMAR. O resto de materias cursaranas todos xuntos co grupo de referencia, 3º ESO A.
- Dúas horas á semana farase reforzo con varios alumnos dentro da aula de 1º ESO, coa asistencia da PT, para axudar a alumnos que teñen especial dificultade.
- Para os alumnos enviados á aula de convivencia propónse a realización de tarefas encargadas polo profesor correspondente.

As medidas ordinarias propostas desde o punto de vista **curricular** son as seguintes:

- Non se fai algunha modificación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
- Poderanse deseñar materiais didácticos adaptados para atender á diversidade do alumnado.
- Se fose necesario adaptaríanse os tempos e instrumentos de avaliación para algún alumno, como é o caso dun alumno con lixeira discapacidade motora en 1º ESO.
- Poderase variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e ampliar ou reducir os bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Para o alumnado repetidor non existe un programa específico, senón que se propoñerán actividades novas e diferentes do curso anterior coa finalidade de motivalo.

10.2. Medidas extraordinarias

As medidas extraordinarias que se levarán a cabo desde o punto de vista **organizativo** son as seguintes:

- No centro non hai ningún grupo de adquisición de linguas xa que case o 100% do alumnado é galego falante.
- Non existe ningunha outra medida organizativa como escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

En canto ás medidas extraordinarias propostas desde o punto de vista **curricular** cabe mencionar o seguinte:

- En 3º da ESO creouse, como novidade este curso, un grupo de Programa de Mellora do Aprendizaxe ou Rendemento (PMAR), o que permite unha maior atención á diversidade. Hai 7 alumnos no grupo 3º ESO-PMAR e 11 alumnos no grupo de 3º ESO ordinario de referencia (3º ESO A).
- Nos grupos de Bioloxía e Xeoloxía non existe ningunha Adaptación Curricular Individualizada no momento de elaborar a presente programación didáctica.
- Non se flexibilizou o período de escolarización para ningún alumno de Bioloxía e Xeoloxía.
- O profesor coordinarase coa especialista en PT e coa orientadora do centro para deseñar as posibles ACI ou apoios educativos que puideran xurdir ó longo do curso.

11. Concreción dos elementos transversais

1. **Comprensión lectora, oral e escrita:** traballo con textos do libro e da prensa diaria.
2. **Comunicación audiovisual:** interpretación de táboas, imaxes e gráficos.
3. **Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación:** busca de información en internet e outros medios.
4. **Educación cívica e constitucional:** adquisición dunha conciencia ecolóxica, de emprego responsable dos recursos e de respecto os seres vivos.
5. **Emprendemento:** deseño de experimentos e resolución autónoma de exercicios do día a día.
6. **Valores persoais:** adquisición de conciencia sobre o coidado da propia saúde e o coidado do medio ambiente.

12. Actividades complementarias e extraescolares

No momento de elaboración da presente programación didáctica propónse a posibilidade de realizar a seguinte saída:

- Visita guiada ás covas do Rei Cintolo e ruta de sendeirismo percorrendo parte da Ruta da Auga (en Mondoñedo).

Ademais, se durante o curso escolar 2019-2020 xurdira algunha outra actividade extraescolar intentaríase levarse a cabo. O departamento tamén poderá colaborar naquelas actividades complementarias e extraescolares desenvolvidas por outros departamentos didácticos, ou mesmo polo propio centro, de ser necesario.

Tamén, de maneira conxunta para todo o centro educativo, faranse as seguintes celebracións, para as cales se solicitou xornada reducida:

- Magosto (mércores 30 de Outubro)
- Nadal (venres 20 de Decembro)
- Entroido (venres 21 de Febreiro)
- Festa d fin de curso (venres 19 de Xuño)

13. Accións de contribución ao plan lector

- Lectura, interpretación e discusión diario dos materiais traballados co libro electrónico e cos libros de texto.
- Traballo con textos de divulgación científica (revistas especializadas, prensa, enciclopedias, libros específicos, etc). Proponanse actividades de comprensión e comentario dos devanditos textos.
- Proposta da adquisición de libros relacionados (directa ou indirectamente) cas ciencias ó equipo de biblioteca.
- Proposta de lecturas recomendadas:

1º ESO:

- ✓ *Mi familia y otros animales*. Alianza editorial, 2008

- Relatos recomendados:

Na 2ª parte: Capítulo 9 (“El mundo en un muro”) e Capítulo 10 (“Un festival de luciérnagas”). Ler os dous títulos.

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Na 3ª parte: Capítulo 13 (“La villa blanca”), Capítulo 14 (“Las flores parlantes”) e Capítulo 15 (“Los bosques de ciclamen”).
Ler os tres títulos.

NOTA: de querer escoller outros capítulos, consultar co profesor.

✓ *Bichos e demás parientes*. Gerald Durrel. Alianza editorial, 1997.

▪ Relatos recomendados:

Capítulo 2 (“La ensenada de los olivos”) e Capítulo 3 (“Las selvas de arrayán”). Ler ambos títulos.

NOTA: de querer escoller outros capítulos, consultar co profesor.

✓ *O home que plantaba árbores*. Jean Giono. Editorial Galaxia, 2009.

✓ *Ameaza na Antártida*. Ramón Caride Ogando. Ed. Xerais de Galicia, 1997

3º ESO:

✓ *Ojos de Pantera: para entender la genética humana*. Silvia Aimerich. Ed. Octaedro, 1998.

✓ *El ayudante de Darwin*. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.

✓ *El viaje de la evolución*. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.

✓ *Hello Dolly!*. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.

4º ESO:

✓ *Ojos de Pantera: para entender la genética humana*. Silvia Aymerich. Ed. Octaedro, 1998.

✓ *El ayudante de Darwin*. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Algar, 2009.

✓ *El viaje de la evolución*. Vicente Muñoz Puelles. Ed. Anaya, 2007.

✓ *Hello Dolly!*. Fransec Murgados. Ed. Octaedro, 2006.

✓ *La historia más bella del mundo*. Ed. Anagrama, 2006.

Cabe citar tamén neste apartado o **Proxecto Lingüístico**, que busca fomentar o uso da lingua galega. Dado que a materia de Bioloxía e Xeoloxía se imparte en galego incidirase na correcta expresión oral e escrita nesta lingua, seguindo as directrices marcadas para o idioma neste proxecto.

14. Accións de contribución ao plan TIC

- Fomentar que o alumnado empregue as novas tecnoloxías na realización de traballos e na exposición dos mesmos na aula.
- Actualizar a páxina web do departamento de Ciencias Naturais, dentro da páxina web do centro educativo.
- Elaborar apuntamentos de varios temas empregando presentacións con diapositivas en Power Point.
- Empregar de xeito regular o ordenador e o canón, tanto para navegar por Internet como para explicar os contidos de diversas unidades, de xeito especial en 1º ESO xa que se utilizará o libro dixital en E-Dixgal.
- Visualización de DVD's na aula relacionados coa programación desenvolvida.
- Facer procuras de información en Internet na aula de informática, orientadas e supervisadas polo profesor.
- Fomentarse o uso de programas de software libre e enciclopedias abertas e colaborativas (wikis).

15. Accións de contribución ao plan de convivencia

O plan de convivencia debe ter como obxectivo garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación.

Tendo en conta que os tipos de conflitos que se dan con máis frecuencia son:

- Alteración na aula: falar a destempo, levantarse...
- Distraccións e falta de atención.
- Non facer as tarefas encomendadas.
- Perda de respecto entre iguais, ao profesorado ou a menores durante o recreo.

Dende o departamento de Bioloxía e Xeoloxía tratamos de contribuír ao plan de convivencia intentando evitar os conflitos anteriores a través da acción tutorial, a realización de gardas e a práctica docente diaria, e actuacións que en xeral van dirixidas á prevención e ao desenvolvemento de comportamentos que favorezan a tolerancia e a comunicación.

Estas medidas concretaranse en intentar manter unha clase motivada e atenta, prestando especial atención ós alumnos con problemas de aprendizaxe ou que presenten perfís

de maior impulsividade. Tamén se manterá unha estreita colaboración co departamento de orientación (de intercambio de información e asesoramento) e con xefatura de estudos, respectando as normas acordadas polo claustro e a organización dos tempos e espazos (salvo en ocasións especiais e coa autorización necesaria).

Tamén resultará importante manter un contacto fluído coas familias quedando a súa disposición (tanto na faceta de profesores como na de titores) co fin de mantelas debidamente informados de calquera problema ou situación relevante que se producise.

16. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente

Farase unha avaliación da propia práctica docente para o cal se utilizará a información aportada polo alumnado a través duns cuestionarios, deseñados polo docente e que os alumnos cumprimentarán de xeito anónimo a través dun formulario. O cuestionario será o seguinte -ou similar-:

AVALIACIÓN DA DOCENCIA

Todo o alumnado deberá responder con rigor e seriedade ás preguntas recollidas neste formulario

***Obligatorio**

Tipos de actividades *
Debes valorar aquí cales son as actividades coas que crees aprender máis

- Actividades en grupo
- Actividades individuais
- Actividades en parella
- Traballo na casa
- Prácticas de laboratorio

Resolución de dúbidas *
Selecciona a túa conformidade coa atención do profesor ás túas dúbidas

Dificultade das actividades *
Indica o que pensas sobre o grado de dificultade das actividades

- As actividades son demasiado difíciles
- As actividades son adecuadas ao meu nivel
- As actividades deberían ser un pouco máis difíciles
- As actividades son demasiado fáciles

O traballo diario na aula *

Sinala de entre as seguintes opcións só aquelas que consideras correctas sobre o traballo na materia

- Nas clases trátanse temas de actualidade
- As actividades son variadas
- Realízanse actividades en diferentes espazos: aula-clase, laboratorio, etc.
- O aprendido na aula ten aplicación na vida real

As novas tecnoloxías *

Indica nunha escala do 1 ao 5 se estás conforme ou non co uso das novas tecnoloxías na aula

17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

De xeito periódico, analizarase o grao de avance da materia, en relación coa programación, así como diversos cambios propostos para adaptarse ás necesidades educativas da aula. Cada avaliación revisará o seguimento adecuado da programación didáctica, sobre todo analizando os resultados obtidos polo alumnado na avaliación. Por outra banda, na memoria fin de curso, reflexarase os contidos impartidos, cambios propostos para sucesivos cursos ou problemas o poñer en práctica o acordado nela.

A final de curso o docente tamén cubrirá unha escala de estimación coma a do seguinte modelo:

Avaliación e modificación de programación didáctica (indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				

12.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?					
13.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?					
14.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?					
15.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?					
16.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.					
17.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación					
18.- Fixáronse criterios para a avaliación final?					
19.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?					
20.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?					
21.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?					
22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?					
23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?					
24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE?					
25.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?					
26.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?					
27.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción?					
28.- Seguiuuse e revisouse a programación ao longo do curso					
29.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?					
30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?					

Desta forma deberemos revisar a nosa actuación nos apartados nos que se obteña unha valoración máis baixa para ir mellorando a intervención educativa e os logros do alumnado.

No caso de detectar algún desfase intentarían adecuarse os tempos para intentar corrixilo. Por exemplo se o avance de unidades foi demasiado lento poderá eliminarse algún contido sempre que non sexa dos mínimos esixibles legalmente. Cabe sinalar que o presente documento debe entenderse como algo flexible, como unha guía de traballo que tentará adaptarse á realidade da aula, e aberto, xa que permitirá incorporar modificacións sobre a marcha do curso e facer os axustes precisos coa finalidade de mellorar e optimizar a calidade do proceso de ensino – aprendizaxe.

18. Datos do departamento

Durante o curso escolar 2019-2020 o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía é unipersonal, constituído por D^a. Alexia del Río García (Xefa de Departamento). Ademais esta docente impartirá o ámbito científico e matemático II de 3º ESO PMAR e completará o horario coa

titoría deste grupo, coa Xefatura do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía e con gardas. O reparto de grupos é o seguinte:

Materia	Curso	Grupo	Docente
Bioloxía e Xeoloxía	1º E.S.O.	A	Alexia del Río García
Bioloxía e Xeoloxía	3º E.S.O.	A	Alexia del Río García
Ámbito científico e matemático II	3º E.S.O.	PMAR	Alexia del Río García
Bioloxía e Xeoloxía	4º E.S.O.	A	Alexia del Río García

Xanceda, a 12 de outubro de 2019

A xefa de Departamento de Bioloxía e Xeoloxía

Alexia del Río García